Intervén a Sra. Alcaldesa recordando que na comisión informativa celebrada con este asunto díxose que por parte do equipo de goberno se estaba disposto a valorar todas as opcións, reiterando que o 24 de xuño tamén favorece a unha parte da veciñanza.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, indicando que se fose día domingo entendería que razoable a proposta. Engade que en Viveiro hai dous copatróns San Roque e Santo Tomás e pensa que dende ese punto de vista debería enxalzarse a festa dos patróns.

Intervén a Sra. Alcaldesa indicando que non hai ningún problema en valorar esa proposta e propoñer o día 16 de agosto como festivo.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, matizando que vai a ser a primeira vez que se cambiaría o día de San Roque sendo sábado e indica que como proposta alternativa pareceulle ben.

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se a proposta fose o 16 de agosto o día festivo habería unanimidade.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, indicando que se se queren facer cambios na proposta deberíase convocar unha nova comisión para valoralos.

Intervén a Sra. Alcaldesa propoñendo unha votación para a retirada do asunto da orde do día e dese xeito volvelo a levar a unha nova comisión informativa para a súa valoración



## Concello de Viveiro

---

Procédese á votación, quedando aprobada por unanimidade a retirada do asunto da orde do día para unha nova convocatoria dunha nova comisión informativa en orde a valorar a proposta de datas festivas para o Concello de Viveiro no ano 2025.

### **6.- NOMEAMENTO REPRESENTANTE NA ASAMBLEA XERAL DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.**

Vista a proposta da alcaldía para o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que se transcribe a continuación:

*“DONA MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO*

*En virtude do disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos artigos 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) e no artigo 8 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Viveiro (ROM).*

*Tendo en conta o escrito recibido do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en data 9 de xuño de 2024 para a designación de representante por parte do Concello de Viveiro, procede realizar proposta, co fin de nomear representantes da Corporación nos órganos colexiados ,*

*En virtude do exposto, esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Nomear como representante da Corporación no órgano colexiado do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Asamblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar) á seguinte concelleira:*

*D<sup>a</sup>. Catalina Fernández Méndez*

*Segundo.- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será notificado á concelleira nomeada.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa explicando o nomeamento da concelleira.

Non existindo debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta por unanimidade co seguinte contido:

**Primeiro.-** Nomear como representante da Corporación no órgano colexiado do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Asamblea Xeral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar) á seguinte concelleira:

D<sup>a</sup>. Catalina Fernández Méndez

**Segundo.-** O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será notificado á concelleira nomeada.

### **2ª PARTE:**



## **PARTE DECLARATIVA**

### **1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA IMPULSAR A REHABILITACIÓN DO EDIFICIO PARQUE PERNAS PEÓN E O TRAZADO DO VIAL QUE DISCORRE PARALELO Á PRAIA DE COVAS.**

Vista a moción presentada por o grupo municipal PP que se transcribe a continuación:

*“El Parque Pernas Peón es uno de los parajes naturales más característicos y populares de nuestro concello que linda al norte con la playa de Covas paseo marítimo por medio. Pocas son las familias vivarienses que no conservan recuerdos en este entorno singular tan ligado a nuestra infancia y a la tradición popular de compartir mesa y mantel con tus allegados y amigos, cuando las comidas campestres no exigían las “comodidades” que exigen hoy en día.*

*En los últimos tiempos este espacio ha sufrido una transformación importante por diferentes motivos, algunos de seguridad y otros estéticos, que han sustituido la densa arboleda que daba sombra a las mesas de piedra repartidas por todo el espacio, por amplias áreas al descubierto con usos poco definidos y muy desprotegidas.*

*El gobierno PSOE/BNG anunciaba hace unos meses su intención de intervenir el parque: Propuso una actuación deportiva con zona de basket y pintado de tableros de ajedrez en las viejas mesas que todavía no se ha materializado, y finalmente saca a licitación un expediente de contratación para la actuación denominada “Apertura do parque Pernas Peón ó Litoral” por un importe de 105.000 euros según proyecto redactado por Sven Dieter Adler, ingeniero paisajista. La actuación está financiada por una subvención concedida por la XUNTA de GALICIA con fondos europeos destinados a ayuntamientos en régimen de concurrencia no competitiva para actuaciones de EMBELLECCIMIENTO DEL LITORAL gallego.*

*El Parque Pernas Peón es un enclave privilegiado al aire libre apartado de la zona residencial y susceptible de nuevos usos de carácter lúdico, de ocio, deportivo y de esparcimiento en comunión y respeto con el medioambiente. Con un edificio municipal en estado de semiabandono desde que los últimos adjudicatarios cesasen en su actividad, y sin visos de nuevos proyectos de gobierno que pusiesen en valor el potencial de la edificación, sin pliegos de contratación, inversiones u obras de reparación, adecuación y conservación a la vista.*

*Desde el PP creemos que este espacio necesita de atención, y toda actuación que se desarrolle deberá acompañarse de otras intervenciones en el entorno que sin duda dignificarán el parque y la memoria de quien le ha dado nombre.*

*Desde el PP instamos al gobierno municipal a:*

*1.- Realizar el mantenimiento oportuno y las mejoras necesarias para adaptar el edificio del Parque Pernas Peón y poder sacarlo a licitación más pronto que tarde.*

*2.- Realizar los trámites oportunos con la administración estatal competente para exigirle la reparación de la zona de rodadura a lo largo de la playa de Covas hasta Os castelos y que dicha actuación se contemple en los presupuestos Generales del 2025.”*

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D<sup>a</sup> Míriam Bermúdez García, Concelleira Delegada de Parques e Xardíns, entendendo que a intención por parte da concellería de adecentar o parque Pernas Peón é clara, como demostran as actuacións levadas a cabo neste último ano con unha folla de ruta de obxectivos a conseguir para a mellora deste espazo. Cita varias actuacións, como a mellora dos camiños con una inversión de 5.000€ e unha enquisa fundamental para coñecer a opinión da veciñanza, que confirma o acordo coa maior parte das actuacións plantexadas. Apunta que é certo que hai moitas por facer. Informa que se solicitou unha subvención que ten dúas liñas para ese espazo, a primeira delas é a transición verde ecolóxica que é coa que se vai a facer a obra recién licitada que vai a servir para mellorar a accesibilidade da beirarrúa da entrada ao parque que esta en fronte á parrillada do parque e tamén





## Concello de Viveiro

para a eliminación de árbores que están en mal estado na zona e substituírse por outras, obra que di vai comezar en breve. Segue a súa intervención informando que nesa subvención hai outra liña que é a de transición accesible e inclusiva na que tamén se presentou proxecto para a mellora do edificio do parque, quedando no seu día deserta a licitación para a explotación do edificio por ser necesario facer obras para que o edificio sexa accesible. Sinala que o 17 de abril foi denegada a subvención para esta actuación por esgotamento de crédito e informa que o proxecto está feito para facer esa actuación e así poder sacalo a licitación, tendo dita actuación un orzamento de 65,800€. Engade que se se logran fondos executarase e senón intentarase optar a esa subvención no 2025. Polo tanto indica que con respecto ao punto un do acordo presentado ten visos de novos proxectos e estase a facer o traballo. No que respecta ao punto dous que fala da zona de rodadura informa que hai un tramo, que case é todo o paseo, que neste intre é de titularidade municipal, en base á decisión adoptada con anterioridade de solicitarlle a costas que fose titularidade municipal e agora xa está cedida, téndose tomado esa decisión ante a negativa de costas de reparalo. Indica que esa cesión está na rectificación do inventario do ano 2023, entendendo que é unha obra de gran envergadura que require da obtención dos fondos necesarios para acometela. Remata solicitando que o grupo propoñente da moción aclare como quedaría ese punto dous dado que o tramo non é de titularidade de Costas senón que é de titularidade municipal e polo tanto o acordo non é posible.

Intervén a Sra. Alcadesa indicando que está de acordo co primeiro punto. Reitera a información dada pola concelleira no que atinxe a que a zona de rodadura é municipal e matiza que non foi unha decisión do equipo de goberno a solicitude de titularidade municipal desa zona de rodadura, senón que cando se solicitou a cesión de varias zonas do municipio a costas, costas obrigou a incluír na solicitude de cesión tamén esa zona. Remata solicitando ao grupo propoñente da moción que divida a votación por puntos, debido a que como está a proposición do acordo non ten sentido o segundo punto do acordo.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, discrepando con respecto ao primeiro punto tanto co grupo propoñente da moción como co goberno municipal. Fai referencia ao que fan outros concellos nos que se saca a licitación dos edificios que están en desuso con unha licitación a custo cero e é a empresa concesionaria a que fai as obras necesarias, considerando que o gran erro foi que se establecese como mínimo de alugueiro 800€ ao mes na licitación dende o seu inicio. Entende que os números están mal feitos, deberíase facer unha proposta de reparación, avaliarse economicamente e o licitador acometer as obras sendo a licitación por tantos anos como se estableza dependendo do custo da obra e dentro duns anos o concello tería un local renovado a custo cero. Matiza que como se está a facer, hai que renovar o edificio para despois sacarlle un alugueiro que dentro de 20 anos esixirá volver a renovarse a edificación. Calcula que esta obra terá un custo duns 200.000 e 300.000 euros e entende que para o concello sería mellor sacalo a custo cero. Remata indicando que con respecto ao punto segundo, deberíase instar ao concello e con respecto ao punto primeiro solicita que se modifique o punto e que se propoña que se saque a licitación a custo cero e que sexa o licitador o que se faga cargo das obras necesarias e manteña o edificio en condicións óptimas.

Intervén D<sup>a</sup>. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, indicando que non hai problema en cambiar o acordo para que no segundo punto se inste ao concello. Sinala que como dende o grupo se tivo constancia que se estaban a realizar varios proxectos que custan cartos ao concello, por iso se plantexou neses termos para aproveitar o que xa está feito; pero non ve problema noutras opcións, entendendo que hai que facer algo senón o edificio cada vez deteriorarase máis. Comenta con respecto ao proxecto do embelecemento do litoral, que non di que estea mal, pero entende que ao final quédase unicamente en eliminar o murete que dá ao paseo marítimo, e que usan as persoas do xeriátrico e engade que van gastarse 100.000 € en repobrar árbores e establecer unha zona accesible e sen embargo teñen o edificio caendo polo tanto antes de comenazar novos proxectos entende que sería bo renovar o que se ten. Indica que a opción proposta por Bernardo Fraga sería ideal pero plantexa que xa hai unha inversión feita e dese xeito perderíanse os cartos.

Intervén D<sup>a</sup> Míriam Bermúdez García, Concelleira Delegada de Parques e Xardíns, aclarando que é



## Concello de Viveiro

---

se trata dunha subvención que financia o 90 % do custo do proxecto, informando que se conseguiu unha subvención de 100.000€, polo tanto non van gastar orzamento propio que podería ir para outro lado. Informa que é unha subvención que vai permitir unha mellora de accesibilidade na zona moi importante ampliando unha beirarrúa moi estreita onde non cabe unha cadeira de rodas, abrir o parque, plantar arbores e unir a praia de Covas co parque Pernas Peón.

Neste intre incorporase ao Pleno o Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. Domingo González López.

Segue a súa intervención D<sup>a</sup> Míriam Bermúdez García, Concelleira Delegada de Parques e Xardíns, indicando que gastar 2300 € en facer un proxecto para conseguir un financiamento para rehabilitar un inmoble municipal non o considera malo xa que dese xeito, unha vez realizadas esas obras podería haber máis licitadores interesados. Con respecto a cambiar o prego e plantexar que a obra vaia a cargo de quen se presente, ten as súas dúbidas de quen podería presentarse á licitación e facer unha inversión desa cantidade sabendo como está hoxe en día a hostalaría. Cree que o mellor é facer o edificio accesible que é a obra mínima requirida e despois xa se plantexaría para que se vai a adicar xa que tampouco tería porque ser obrigatoriamente para hostalaría.

Intervén a Sra. Alcaldesa compartindo a idea de Bernardo Fraga pero entende que esa proposta habería que vela dende un punto de vista xurídico e tamén comparte as dúbidas de que sexa viable que se presente alguén á licitación con esas condicións.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, tendo unha dúbida con respecto á actuación a realizar con cargo á subvención, da que se falou, e pregunta se se renovará a capa de rodadura ou só os pasos elevados. Entende que quitar o muro é positivo pero o resto considera que é un erro. Solicita probar a sacar a licitación dese xeito, entendendo que polo que se puido comprobar a xente non se presentou entendendo que o prezo era desorbitado. Entende que o proxecto pode ser válido e obrigar ao licitador a facelo en base a ese proxecto, pero considera que non debería agardarse outro ano a outra convocatoria da subvención e probar a sacar a licitación como el plantexaba. Remata solicitando ao grupo propoñente da moción que explique como quedarían os puntos do acordo para poder votar.

Intervén D<sup>a</sup>. Maria del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, indicando que con respecto ao primeiro punto quedaría coa redacción en orde a realizar o mantemento oportuno e as melloras necesarias para adaptar o edificio do Parque Pernas Peón coa fórmula que sexa ou ben con licitación a custe cero ou que sexa o concello o que acometa a actuación, o que quere deixar claro é que o edificio merece unha atención. Engade que nos últimos días facilitouse o uso da instalación e o lóxico é facelo ben, non entende que se cedan unhas instalacións municipais en calquera circunstancia senón que deberíase ceder en debidas condicións e pensa que o mellor é sacalo a licitación para poder explotalo. Informa que en agosto estanse cedendo esas instalacións tanto a cesión do espazo do parque, como o bar para almacén e tamén os baños. Recorda que esas cesións son gratuítas e tanto para cedelo como para licitalo debe estar nas debidas condicións. Aclara que os acordos quedarían coa seguinte redacción: realizar o mantemento oportuno e as melloras necesarias para adaptar o edificio do Parque Pernas Peón sexa cal sexa a fórmula para rehabilitar ese espazo. E no canto ao segundo punto instar ao concello á realización da reparación da capa de rodadura.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, solicitando a palabra e matizando que a licitación non é a custo cero senón que deben realizar inversión os licitadores.

Intervén a Sra. Alcaldesa aclarando con respecto ao dito pola voceira do PP, que a cesión que se fixo no seu momento para o festival Ether foi uns días concretos, con cesión dunha parte do parque e unha parte do inmoble como almacén para o festival que finalizaba ás catro da mañá, e paralelamente cedeuse unha parte do parque para os xoves pensando na hostalaría da zona, cesión ata as 12 da noite e tamén se cedeu un espazo da cantina como almacén.



## Concello de Viveiro

---

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación da moción, do seguinte xeito:

**Primeiro.-** Realizar o mantemento oportuno e as melloras necesarias para adaptar o edificio do Parque Pernas Peón sexa cal sexa a fórmula para rehabilitar ese espazo.

**Segundo.-** Instar ao Concello para a reparación da zona de rodadura ao longo da praia de Covas ata Os castelos e que dita actuación se contemple nos orzamentos do 2025.

### **3ª PARTE:** **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno listado das referidas resolucións.

#### **2.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INFORMACIÓN ECONÓMICA, ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024. (EXPTE.- 3534/2024)**

Dase conta do informe de información económica, estabilidade orzamentaria, periodo medio de pago e morosidade, correspondente ao 2º trimestre de 2024.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, explicando en resumo o informe do que se dá conta ao pleno resaltando que se tardou en pagar varias facturas e polo tanto o periodo medio de pago aumentou debido á conta 413 na que ían facturas pendientes do exercicio 2023 aprobadas polo pleno.

#### **3.- DACION DE CONTA DO INFORME RESUMEN ANUAL SOBRE O CONTROL INTERNO E FINANCIERO DO CONCELLO DE VIVEIRO. (EXPTE.- 5281/2024).**

Dase conta do informe sobre o resumo anual do control interno e financiero do Concello de Viveiro.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, explicando en resumo o informe do que se dá conta ao pleno.

#### **4.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE VIVEIRO 2024-2026 (EXPTE.- 5266/2024)**

Dase conta do plan estratéxico de subvencións do Concello de Viveiro.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, explicando que unha sentenza de 2022 deixou claro que era preciso contar con un plan estratéxico de subvención.

Intervén D<sup>a</sup>. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, solicitando a palabra.

Intervén a Sra. Alcadesa negándolle a mesma debido a que se trata dunha dación de conta e non procede a intervención.



## Concello de Viveiro

---

### 5.-ROGOS E PREGUNTAS.

#### **ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN DATA 04/08/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-2457).**

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

*"Dende o pasado mes de decembro de 2023, esta a funcionar o servizo de quitan e pon no casco, son moitas as queixas que o noso grupo esta a recibir por incidencias tales como o deposito de residuos fora dos colectores, enseres depositados fora dos días de recollida, malos olores...."*

*Ademais empeza a ser mais que preocupante a cantidade de excrementos de animais que non son recollidos polos seus donos e que provocan molestias os veciños e visitantes.*

#### ROGO

*Se comprometan a concretar un prazo, para presentar en pleno ordenanzas que regulen tanto o depósitos de residuos como a recollida de excrementos por parte dos donos de mascotas, para tratar de atallar estes comportamentos incívicos."*

Intervén D<sup>a</sup> Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que o pasado 29 de xullo foron convocados os voceiros para dar razón do documento do plan de xestión de colonias felinas e informouse nesa reunión que o texto da ordenanza de convivencia e limpeza de residuos está moi avanzado e que dita ordenanza ía a contribuír a unha mellor xestión dos animais da rúa, anunciando que prevé é que vaia para o vindeiro pleno de setembro.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, sinalando que non entende como non hai unha convocatoria da xunta de portavoces para tratar as subvencións a clubs e si a houbo para as colonias felinas.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, aclarando que non se está a aprobar ningunha subvención neste intre, senón que tan só se elaborou un documento que esixe a lei de facendas públicas, informando que a lei permite aprobar o plan por resolución alcaldía e deixa claro que non se está a modificar nada, comentando que cada asociación sabe a subvención que ten no orzamento do 2024 e informa que se vai chamar a cada asociación para asinar os convenios. Informa que o plan vaise a publicar no BOP e xa está publicado no portal de transparencia. Indica que agora non se fixo esa xunta de portavoces pero eso non quita que cando se valore a modalidade de concorrencia competitiva se faiga.

Intervén a Sra. Alcaldesa aclarando que non se convocou a comisión informativa porque era cumprir coa lei e non variaba nada, e rediríxeos ao servizo de intervención se tivesen algunha dúbida.

#### **PREGUNTA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN DATA 04/08/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-2456).**

Intervén D<sup>a</sup>. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, comentando que non vai a repetir o que xa se sabe da policía local e vaia ler directamente o que se formula.

*"A finais do mes de Febreiro o 100% dos efectivos do corpo da Policía Local deixou de prestar o servizo por atoparse de baixa médica. O 1 de Marzo a alcaldesa emitía un decreto e convocaba unha xunta de portavoces ( a única dende entón) para dar conta da situación na que finalmente resolvía:*

*PRIMEIRO.- Acordar a apertura dun procedemento informativo e de actuacións previas có fin de coñecer as circunstancias que derivaron na situación excepcional acaecida*



## Concello de Viveiro

*SEGUNDO.- Solicitar ao servizo de prevención de riscos laborais a emisión de informe de avaliación de riscos psicosociais dos postos de traballo do Corpo da policía local do concello*

*TERCEIRO.- Ante a magnitude da situación solicitar a colaboración da Deputación provincial de Lugo para que por parte do SERVIZO DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO e TÉCNICO a CONCELLOS SE LEVE A CABO A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE INFORMATIVO E DE ACTUACIÓNS PREVIAS.*

*Levamos arredor de 6 meses sin policía local. Superamos a Semana Santa, o Resurrection Fest, a Feira Renacentista , o Corpus christi ; e a piques de afrontar o mes de agosto, onde a poboación se multiplica e as incidencias e necesidades en seguridade vial e cidadá esixen unha resposta rápida, seguimos sin coñecer os avances e a previsión do goberno para solventar o problema. A única nova que trascendeu aló polo mes de Maio anunciaba o nomeamento dun instructor, máis a día de hoxe descoñecemos si xa se iniciaron as actuacións e si foi emitido o informe de avaliación de riscos que se mencionaba no decreto.*

*Por todo iso formulamos a seguinte pregunta:*

*Cal é a diagnose da situación do Corpo da Policía Local de Viveiro?. En qué punto do procedemento nos atopamos: existe un informe de avaliación de riscos, fixéronse xa intervencións, entrevistas ou análise de feitos, conductas ou presentación de documentación?"*

Intervén a Sra. Alcaldesa facendo unha breve introdución comentando que hai 6 meses cando en dous días se deu de baixa a plantilla da Policía Local, decidiuse abrir un expediente informativo. Sinala que o primeiro que se fixo foi enviar a solicitude para a súa tramitación á Dirección de Emerxencia e Interior da Xunta que é quen fai os exames á Policía Local e os forma, xa que entendeuse que era este o órgano que podía resolver o conflito. A resposta foi que non eran os competentes e botaron o balón á Deputación de Lugo, á área de cooperación cos concellos, por iso aclara que é a Deputación a que esta tramitando o expediente por esa causa e non entende como sendo a Dirección Xeral a que os forma e demais, non foron eles os que colleron a tramitación do expediente. Engade que nese intre non hai ningunha diagnose, e di que o equipo de goberno é o primeiro que quere que ese conflito se resolva o antes posible, indicando que se nomeou a un instructor que é o xefe da policía local de Lugo e que ten constancia de que vai a facer varias entrevistas. Entende que a administración é como é e agora o instrutor está de vacacións. Reprocha que estivese en Viveiro o voceiro da deputación do PP por este asunto en non se acercou ao ambulatorio, sinalando que ademais de estar sen Policía Local tamén está Viveiro sen médicos, comentando que neste intre se un veciño quere ir a unha consulta médica ten que esperar un mes como mínimo para a cita, polo tanto ve moi ben o despregue para a reivindicación da Policía Local pero considera que tamén hai outras necesidades.

Intervén D<sup>a</sup>. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, solicitando intervir sinalando que se presentou un rogo.

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que é unha pregunta e polo tanto non ten réplica.

Intervén a Sra. Alcaldesa facendo unha chamada á orde á concelleira.

Intervén D<sup>a</sup>. María del Carmen Gueimunde González , en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, pedindo amparo da Secretaria Municipal en orde a que diga se é un rogo ou unha pregunta. Solicita a intervención da Secretaria Municipal.

Intervén a Sra. Alcaldesa sinalando que non é precisa a intervención da Secretaria, que ditamina a alcaldía, e que está claro que se trata dunha pregunta, non procedendo a intervención.

**ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 05/08/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-5083).**

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.



## Concello de Viveiro

*“Reparación da explanada da Variante.*

*A primeiros de mes do xullo o equipo de goberno acometía a reparación de explanada da Variante, coñecida como territorio fochancas. Despois de tanta demora, agardabamos una actuación mais completa, duradeira e sostible.*

*Un mes despois da realización dos traballos e como se pode ver nas imaxes que se xuntan , as árbores da beirarrúa colindante están murchas, feito que nos preocupa e que pode estar motivado por unha poda fora de tempada e por posibles filtrados de alcatrán.*

*Por todo o exposto, rogamos ao equipo de Goberno a explicación en pleno de si coñecía previamente o procedemento de traballo empregado e de si o devandito procedemento era sostible en termos medioambientais.”*

Intervén D<sup>a</sup> Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que as árbores con necrosis son cerdeiras, polo tanto florecen de marzo a maio e o resto do ano non teñen flores, polo que entende que estarían no proceso normal de perdelas e murcharse, entón polo tanto podería cadrar que están perdendo as follas pola estación na que estamos. Engade que se estiveron supervisando as obras e as árbores, e apunta que ao fin logrouse resolver un problema grave e así arranxar as molestias que había na zona, entendendo que debería valorarse positivamente a actuación. Engade que debe esperarse a ver que pasa coas árbores, e ver se están apagadas pola actuación ou pola estación na que nos atopamos.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, invitando á concelleira a ver as árbores da mesma especie que están noutros sitios e que están en todo o seu esplendor. Informa que a poda das cerdeiras fíxoala a empresa que acometeu as obras na explanada e a poda das cerdeiras débese facer en inverno ou en outono e non cando a árbore está no máximo esplendor. Indica que non di que o vertido do alquitrán estropease as árbores pero o que si que di e que chegou á estrada en algún punto, polo tanto o procedemento de traballo non foi rigoroso; non di que van a secar pero si que están mal. Aproveita para engadir que aproveitando a actuación non se reparou a zona da entrada do edificio Ria de Viveiro, que ten a entrada aos garaxes nun estado lamentable.

Intervén D<sup>a</sup> Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que non houbo disposición de medios durante mais días para poder facelo.

### **RESPOSTA ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO ANTERIOR PLENO**

Intervén D<sup>a</sup> Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que non hai datos separados xa que o camiión que recolle a fracción de residuos no Casco Histórico segue coa ruta despois da recollida no casco. Dispón dunha comparativa dos sete primeiros meses do ano 2023 e do ano 2024, tendo en conta que no ano 2024 xa estaba activo o sistema de quita e pon. Pasa a enumerar os datos, sinalando que en canto a cartón no ano 2024 constan 141.315 Kg e no ano 2023 menos kilos; en envase lixeiros tamén superior no ano 2024 e informa dos datos do lixo orgánico do ano 2024 xa que no 2023 non estaba activa. Engade que comparado con outros concellos os datos de Viveiro son positivos pero entende que aínda teñen que subir moito. Informa con respecto á frecuencia de lavado dos colectores que é bimensual en tempada baixa e quincenal en tempada alta, engadindo que por regra xeral e tamén onde hai queixas ou solicitudes faise a limpeza sempre cando se detecta. Comenta que hai sitios onde hai queixas reiteradas e están a ver que é o que pasa xa que entenden que se está a facer un mal uso da ubicación dos colectores.

### **ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO.**

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, manifestando que tiveron varias consultas de veciños de distintas zonas do concello que preguntan por un plan de desbroces de estradas, paseos, zoas axardinadas, xa que hai moitas zonas pendentes do desbroce e remata solicitando unha explicación do plan de desbroce previsto para as vindeiras semanas.



## Concello de Viveiro

---

Intervén D<sup>a</sup> Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que lle gustaría contestar de forma rigorosa e non teñen os datos neste intre para poder informar.

Intervén D. Juan Ramón Martínez Castro, concelleiro de Medio Ambiente, comentando que o clima non axudou nese senso xa que a chuvia e o sol fai que creza moito a maleza, engadindo que tamén houbo unha avaría moi gorda co tractor e tiveron prestando un tractor que tampouco funcionaba moi ben. Di que se está á espera dun novo tractor e neste intre non pode dicir concretamente cal é a orde que ser vai seguir, xa que foi un ano moi condicionado.

ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Intervén D. Domingo González López, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, recordando a deficiencia de prazas de aparcamento no Concello todo o ano. Entende que Viveiro foi un gran beneficiario con respecto á ampliación de prazas coa retirada dos galpóns e Covas considera que é a grande prexudicada no tema dos aparcadoiros, recordando que a asociación Beiras de Viveiro anteriormente xa solicitou ao concello de Viveiro que ampliara as prazas instando aos propietarios para poder usar as fincas para aparcarse en beneficio de todos os cidadáns. Fai alusión a que o BNG levaba no programa electoral a negociación con propietarios de fincas para conseguir prazas de aparcadoiro e dende o Concello falouse co propietario dun aparcamento que hai na zona para que fose gratuíto. Roga que se explique en que estado están esas negociacións cos outros propietarios xa que o do aparcamento non saíu adiante e se informe cal é a situación. Engade que hai tres prazas de aparcadoiro para taxis e non se usa ningunha e entende que se non se usan poderían deshabilitarse para aumentar prazas. Tamén recorda que na travesía de Viveiro hai sete prazas de aparcamento para a Policía Local que se non está en activo poderían usalas os veciños.

Intervén a Sra. Alcadesa, aclarando que as prazas referidas á policía local son para coches do Concello, aínda que pon Policía Local é para calquera vehículo do concello. Matiza que ao mellor hai que cambiar o rótulo da sinalización. Tamén aclara que as prazas dos taxis de Covas foron pedidas pola asociación de taxistas no seu día.

Intervén D<sup>a</sup> Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, dicindo que se dará resposta no seguinte pleno do traballo que se está a facer.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcadesa levántase a sesión, sendo as 20:40 horas do día 7 de agosto de 2024, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

